

# BIOGRAFÍA



QUINO

**1932 0 anos**

Nace o 17 de Xullo en GUAYMALLÉN (suburbio da cidade de Mendoza) ARXENTINA.

Era o menor de tres fillos.

Os seus pais chegaran a Arxentina coas súas respectivas familias en 1919 procedentes de FUENGIROLA (Málaga).



Puxéronlle de nome JOAQUÍN SALVADOR pero desde que naceu chamáronlle QUINO para distinguilo do seu tío materno, Joaquín Tezón, pintor e debuxante, con quen aos **3 anos** descubriu a súa vocación.

*Foi un neno introvertido e tímido que perdeu aos seus pais moi cedo*

**1945 13 anos**

Falece a súa nai. Ese mesmo ano inscribiuse na Escola Nacional de Belas Artes de Mendoza.

**1948 16 anos**

Falece o seu pai.

**1949 17 anos**

Un ano despois abandona Belas Artes para dedicarse á súa paixón: o debuxo humorístico.

Cando cumpriu os **18 anos**, viaxou a Bos Aires, onde presentou sen éxito os seus debuxos en redaccións de diarios e revistas, polo que tivo que volver a súa provincia natal.

**1954 22 anos**

Logo de facer o servizo militar obrigatorio, decide instalarse definitivamente na cidade porteña. Atravesou serios problemas económicos, ata que a revista “Esto es” publica a súa primeira páxina de humor gráfico, segundo el, “o momento máis feliz da súa vida”. Desde entón publicará regularmente en diversos medios.

**1960 28 anos**

Casa con Alicia Colombo.



**1963 31 anos**

Lanza o seu primeiro libro, **Mundo Quino**, unha recompilación de historietas humorísticas mudas.

**1964 32 anos**

O 29 de setembro aparece **Mafalda** por primeira vez na revista semanal **Primeira Plana** de Bos Aires.

Creado para a publicidade nunca lanzada dunha marca local de electrodomésticos, resultou un enorme éxito e segue sendo a historieta latinoamericana máis vendida do mundo.



**1973 41 anos**

Por decisión de Quino, a última historieta de Mafalda imprimiuse o 25 de xuño. Só debuxou de novo a Mafalda para campañas de organizacións como UNICEF.

*Quino continuou publicando semanalmente páxinas de humor que foron agrupándose nas colección dos seus libros.*

**1976 44 anos**

A causa do golpe militar en Arxentina, trasládase coa súa esposa a vivir á cidade italiana de Milán

**1984 52 anos**

Viaxa a Cuba, convidado como xurado do Festival de Cinema Latinoamericano da Habana, onde comeza a súa amizade co director de cinema de animación Juan Padrón e asina un contrato co ICAIC (Instituto Cubano da arte e Industria Cinematográficos) para a realización de curtametraxes coas súas páxinas de humor. A serie chámase **Quinoscopios**.

**1988** 56 anos

É nomeado Ciudadán Ilustre de Mendoza e recibe a chave da súa cidade natal.

**1990** 58 anos

Acollese á dobre nacionalidade adoptando a española, pero aínda que residiu algún tempo en Madrid, regresou finalmente a Bos Aires.

*Recibe múltiples reconocimientos, dous deles cando Mafalda cumpría 50 anos.*

**1994** 61 anos

O 22 de marzo: a Orde Oficial da Lexión de Honor, a honra máis importante que o goberno francés lle concede a un extranxeiro.

**1994** 62 anos

O 24 de outubro: recibiu en España O Premio Príncipe de Asturias de Comunicación e Humanidades, a primeira vez que ese galardón se lle entregaba a un debuxante.



Non fixo ningún discurso; díxolle á prensa que lamentaba o feito de que todos os problemas polos que a súa personaxe se indignaba sigan tan vixentes aínda.

**2017** 85 anos

Tras a morte da súa esposa trasladouse de Bos Aires a Mendoza. Pasou alí os seus últimos anos, durante os que debeu encarar un retiro involuntario por problemas na vista.

**2020** 88 anos

Falece en Mendoza o 30 de setembro, despois de sufrir un accidente cerebro vascular.

*Quino dixo que vivir e ser debuxante era o mesmo para el, que desde que tiña 3 anos non se lle ocorreu facer ningunha outra cousa na vida que non fose debuxar.*

